



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega ao colectivo de emigrantes galegos e aos seus descendentes co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Diocesano de Mondoñedo-Ferrol.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias o de procurar que os emigrantes galegos e os seus descendentes manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para elo, entre outras actuacións, ven prestando apoio a todos aqueles que procuren a busca de familiares ou de documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre eles e as fontes onde se gardan os conseguintes arquivos xenealóxicos.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: "Benestar das persoas e as familias e cohesión social" así como co seu obxectivo estratéxico OE02: "Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación".

O Arquivo Diocesano de Mondoñedo - Ferrol ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitos dos descendentes dos emigrantes galegos.





Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes anotábanse polos párrocos a celebración dos diversos sacramentos celebrados nas parroquias como bautismos, matrimonios e defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, nome e orixe dos seus pais e dos seus avós así como o nome e domicilio dos padriños. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise preciso a súa indexación e difusión por Internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

Dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera ao Arquivo Diocesano de Mondoñedo - Ferrol, como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrència pública pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das dioceses e subscríbense convenios coas cinco dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de dous mil cincocentos euros (2.500 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Que a previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos correspondentes a gastos de escasa contía (inferior a 1.000 €), mediante o recibo do provedor, fundaméntase na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan; tratáse de gastos que han de afrontarse con carácter inmediato e debe de procederse ao seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

